

Aprendizaxe e Servizo no albergue “Padre Rubinos” dende a materia de Socioloxía da Actividade Física e do Deporte: axudantes de adestrador no equipo de fútbol sala.



María José Mosquera González
Facultade de Ciencias da Actividade Física e do Deporte.
Universidade da Coruña

1. Descrición do servizo

- A través da OCV tivemos coñecemento da necesidade de voluntariado que poidera colaborar como axudante do adestrador (Educador do albergue Padre Rubinos) no equipo formado para participar na Liga social de fútbol sala da cidade da Coruña.
- A partir dese momento ofreceuse a posibilidade de participación ao alumnado da materia de Socioloxía da Actividade Física e do Deporte, de 2º curso de Grao, e houbo tres rapaces interesados.
- Despois de conversas coa OCV e co Educador do albergue acudiron os entrenamentos no pabellón polideportivo de “Los Rosales”, situado detrás do edificio de Padre Rubinos, realizando diferentes funcións que o Educador do centro lles encargaba.

2. Obxectivos do servizo:

- Obxectivos con respecto ao Educador e os usuarios do albergue:
- Apoiar as tarefas que desenvolve o Educador do albergue na actividade específica de adestrar o equipo de fútbol sala da Liga Social da cidade.



2. Obxectivos do servizo:

- Obxectivos con respecto o alumnado participante:
 - Achegarse a un colectivo invisible para eles: as persoas socialmente excluídas ou en risco de exclusión social. Comprender esa realidade, establecer vínculos emocionais e empatía.
 - Comprender como a través do deporte poden desenvolverse proxectos de integración social: socialización, hábitos deportivos, hábitos saudables (deixar de fumar), respecto das normas (do xogo e da vida), xogo limpo, etc.
 - Utilizar os coñecementos do alumnado sobre preparación física, arbitraje, técnica e táctica do fútbol para contribuír o desenvolvemento dun proxecto de integración.
 - Comprender que se poden aplicar moitos dos coñecementos da materia e que se acadan competencias.

3. Persoas destinatarias do Servizo

- Persoas usuarias do albergue, en risco de exclusión social, que se apuntaron o equipo de fútbol sala:
 - Con idades entre 18 e 45 anos.
 - Aínda que o equipo podía ser mixto, só participaban homes.
- Entidades participantes na Liga social de fútbol sala:
 - Ecos do Sur, Cruz Roja, Comité Antisida de A Coruña, Padre Rubinos, Ápem, Áccem, Centro Reto, Aspronaga, Adcor, Arcoirirs, Asamblea de Dios y Asociación Sociocultural Abraio.

4. Desenvolvemento da experiencia

- No curso 2015-16, co cuadrimestre xa moi avanzado, incorpóranse dúas alumnas que practicamente só acoden durante tres semanas (pero é nise momento cando solicitan voluntariado).
 - A pesar diso a experiencia para elas foi moi positiva e impáctante, polo que no curso seguinte 2016-17 animan a participar a algúns compañeiros que cursan a asignatura.
- Os tres alumnos que finalmente participan no 2016-17 son homes e acuden os luns ao entramento no pabellón de Los Rosales, situado detrás do albergue.
 - Realizan funcións de entrenador, de preparador físico, de árbitro e, cando é necesario por non acudir moitos usuarios, tamén xogan.

5. Adquisición de competencias, aprendizaxe.

- Específicas (A1, A3, A7):
 - Relativas aos beneficios de deporte como experiencia de lecer, a promoción de hábitos deportivos e o análise da cultura deportiva.
- Básicas (B3, B5, B12, B15, B18, B19):
 - Relacionadas co exercicio da profesión con ética e compromiso.
- Transversais (C4):
 - Están resumidas no exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida e solidaria, capaz de analizar a realidade e buscar solucións orientadas ao ben común.



6. Resultados de aprendizaxe

- Bloque II A sociedade e os seus conceptos: Estado, institucións, cultura, socialización, valores, normas, conflitos, grupos de presión e cambio social.
 - Neste bloque o alumnado podía comprender a estrutura da sociedade e como as diferentes institucións que dependen do Estado (Familia, Escola e Deporte) transmiten unha socialización que inclúe valores e normas, e tamén os roles de xénero.
 - A análise deste proceso de socialización é determinante para comprender os colectivos en risco de exclusión social.

6. Resultados de aprendizaxe

- Bloque IV: Sociedade moderna e postmoderna.
 - Neste bloque o alumnado comprendeu como a sociedade moderna, baseada na produtividade e no rendemento, exclúe a aquelas persoas que non son útiles, que non son capaces de aportar.
 - A exclusión social non é un problema do Estado ata que a Postmodernidade abre o modelo de sociedade e reivindica a intervención como estratexia para a igualdade de oportunidades.
 - Neste modelo de sociedade os colectivos de excluídos fanse visibles.

6. Resultados de aprendizaxe

- Bloque V Postmodernidade de Decadencia: violencia e acoso.
 - A Postmodernidade de Decadencia trae o rexeitamento dos diferentes, e como non hai Ética aparece a filosofía de todo vale.
 - Referido ao deporte traducese no xogo sucio e a non obediencia das normas, cuestións que son fundamentais para o proceso de integración deste colectivo do Padre Rubinos e que o Educador traballa de maneira especial.



6. Resultados de aprendizaxe

- Bloque VI. A socialización en función do xénero.
 - Reflexionamos sobre o feito de que os sen teito son maioritariamente homes, hai moi poucas mulleres.
 - Polo tanto os roles hexemónicos de xénero pódennos dar unha explicación de como inflúe esta variable.



7. Avaliación e seguimento dos coñecementos.

- Seguimento. O alumnado que participaba como voluntario tamén acudía a clase da materia e a profesora tiña contacto semanal con eles:
 - Comentaban as tarefas desenvolvidas, as impresións da experiencia, posibles problemas, etc.
- Avaliación. Entrega dun traballo individual a final do cuadrimestre no que se incluían todos os conceptos da materia que tiñan conexión coa experiencia no albergue do Padre Rubinos.
 - A calificación do traballo facía media coa nota final acadada na materia a través dos requisitos estipulados para todo o alumnado.
 - No caso de dous dos alumnos, o traballo realizado e a participación na experiencia serviulles para acadar Matricula de Honra.

8. Resultados da experiencia aprendizaxe-servizo

- O balance foi positivo, o alumnado descubriu unha realidade descoñecida:
 - Aplicou a maioría dos conceptos da materia
 - E sobre todo experimentou emocións afectivas con persoas que para eles eran invisibles ata ese momento.
- Os membros do equipo (usuarios do albergue) valoraron moi positivamente que os alumnos os adestraran en cuestión técnicas e tácticas e que tamén coidaran a preparación física:
 - Ista actividade axudaba a que algúns planearan deixar de fumar tal como comentaban na entrevista de avaliación.

8. Resultados da experiencia aprendizaxe-servizo

- Un inconveniente é a localización do albergue con relación a Facultade de Ciencias da Actividade Física e do Deporte que está ubicada en Bastiagueiro (Oleiros):
 - A distancia é moi longa e non hai transporte directo, é necesario facer transbordo.
 - O alumnado tiña que dispor de coche.
 - Ou vivir cerca da zona.

8. Resultados da experiencia aprendizaxe-servizo

- A irregularidade de asistencia dos membros do equipo aos adestramentos tamén se identificou como problema:
 - Algúns días se suspendía o adestramento e noutros case non había xogadores.



- O colectivo de persoas en risco de exclusión social ten dificultades para adquirir e consolidar hábitos
 - Para o alumnado e para a profesora significaba un gran esforzo atravesar a cidade e trasladarse de Bastiagueiro (Oleiros) a Los Rosales (A Coruña), que está no extremo final da cidade.

9. Valoración final

- O balance é positivo, para o alumnado participante, para os usuarios e para a profesora.
- Decídese continuar ofertando a experiencia de Aprendizaxe e Servizo todos os cursos para promocionar o voluntariado, o servizo á comunidade e a aprendizaxe a través desta vía.

